


ACTIVIDADES DOS REINOS XERMÁNICOS E BIZANCIO

- 1) Que pobos migraron cara ó occidente de Europa a principios da Idade Media. Identifica os seus reinos no seguinte mapa.

- A)
B)
C)
D)
E)
F)
G)



- 2) Sitúa no mapa o territorio que ocuparon os pobos xermánicos que se asentaron na Península. Indica a capital de cada un dos seus reinos.



- 3) De onde procedían os pobos xermánicos?
- 4) En que século estableceron os seus reinos na Península?
- 5) Cando desapareceron estes reinos xermánicos peninsulares e por que?

6) Ordena os mapas históricos por cronoloxía (de máis antigo a máis recente)

1º.-

2º.-

3º.-

4º.-



A



B



C



D

7) En que século situarías o mapa? Por que? Identifica os dous territorios coloreados e sinala a capital de cada un deles.



8) Con que emperador e en que século alcanzou o Imperio Bizantino a súa máxima expansión?



- 9) Completa as frases colocando no oco axeitado as palabras seguintes: ORTODOXO, BIZANCIO, BASILEUS, ICONOCLASTA, ORTODOXA, CISMA DE ORIENTE.

O Imperio Bizantino helenizouse (recuperou as súas orixes gregas), por iso o emperador recibiu o título de e a capital pasou a denominarse

A igrexa cristiá tivo moita importancia e poder no Imperio Bizantino, pero tamén viviu fondas crises: a crise, que provocou a destrución das imaxes relixiosas, e o, que supuxo a separación de Roma e o xurdimento da igrexa

A influencia de Bizancio estendeuse polos pobos eslavos, de aí que en moitos deles sexa maioritario o cristianismo

- 10) Relaciona os nomes das dúas columnas.

- A) Batalla de Vouillé
- B) Pipino o Breve
- C) Carlos Martel
- D) Carlomagno
- E) Capitulares

- ___ Máxima expansión do imperio
- ___ Primeiro rei da dinastía carolinxia
- ___ Leis do Imperio Carolinxio
- ___ Freo ó avance musulmán por Europa
- ___ Vitoria dos francos sobre os visigodos

- 11) Quen foi o fundador do Imperio Carolinxio?

- 12) Cando tivo o seu máximo esplendor?

- 13) Sitúa no mapa o nome da residencia palatina dos carolinxios.



- 14) O reparto do imperio entre os fillos de Luís o Piadoso provocou enfrontamentos que acabaron coa división do Imperio Carolinxio.

a.- En que tratado quedou dividido o imperio en reinos independentes?

b.- En que século foi asinado?

c.- Identifica as partes que lle corresponderon a cada un dos fillos de Luís o Piadoso.

